



documento
da paz
Nadal
2012

Débeda, CRISE e PAZ SOCIAL

Como cada fin de ano, na Coordinadora de Crentes Galeg@s reflexionamos sobre o que quere dicir “Paz”, aquí e agora. Facémolo e compartímolo, para darlle sentido, profundidade e vida a ese termo tan manido nestas datas.

Este ano 2012 foi un ano terrible, polo aumento do sufrimento ocasionado pola pobreza, marxinação e exclusión infrinxido a moitas persoas, pertencentes sobre todo aos grupos sociais máis vulnerables. Poñemos algúns exemplos desta situación na segunda parte deste documento.

Pero antes, queremos comezar poñendo o dedo, aínda que dun xeito breve, no que é o **instrumento fundamental utilizado polo sistema neoliberal** e polo seu pensamento único (que impregna tódolos aspectos da vida social, e mesmo persoal), para exercer o seu dominio económico e a súa acumulación de riqueza, a costa do empobrecemento das maiorías. Facémolo ademais porque é un tema en boa parte oculto; un tema considerado tabú, polos causantes desde sufrimento real; un tema considerado por eles como un “dogma de fe”, que no se cuestiona, sobre o que non se reflexiona, sobre o que se ofrece só información parcial e interesada. Referímonos ao tema da **DÉBEDA**.

A DEBEDOCRACIA

É mentira que vivamos en Democracia. A cidadanía non se está a gobernar a si mesma. A cidadanía está a padecer a imposición case diaria do capitalismo financeiro que utiliza aos gobernos para ir mudando as condicións de vida das maiorías, e que ten como obxectivo que unha minoría supranacional, unida, rodada, experimentada e sobreamada en controles políticos, mediáticos e de presión, aumente enormemente o seus beneficios (“o máis posible, no menor tempo posible”). A encarnación diso, por dicilo en termos con connotación ética, supón a deshumanización total da organización da vida económica, que se pon exclusivamente ao servizo do beneficio, mesmo da usura, e non da totalidade das persoas, e que, ao máximo, se permite algún xesto de caridade ou beneficencia.

Asistimos cada día cada aos recortes do público e dos dereitos sociais das maiorías. Escoltamos a acotío que para saír da crise non temos outro remedio que recortar e continuar recortando os presupostos do estado (é dicir, os cartos que poñemos a xente cos nosos impostos) destinados a fins sociais, públicos, colectivos. O motivo desa austeridade é, segundo apunta o discurso dominante, o alto nivel de endebedamento do Estado Español a causa dun malgasto libertino. Frases perversas do estilo: temos vivido por enriba das nosas posibilidades, gastamos o que non tiñamos... aparte de

ser mentira, (ver o gráfico do final) son como a vaselina ou o calzador dos terribles universais e continuos recortes. E fan crer a poboación que é inevitable que a xente padeza, e que ata os probiños gobernantes sofren. Eles, fáisenos crer, non teñen máis remedio que facer o que fan, aínda que non lles guste. Non teñen máis remedio que aplicar esa dolorosa medicina. É como se a crise fose un fenómeno da natureza, un tsunami que nace da natureza sen ser provocado pola intelixencia humana e que, inevitablemente, ten que deixar a moita xente esmagada polo camiño.

E todo iso porque, se nos está a dicir, **“as débedas non hai máis remedio que pagalas, a débeda é sacrosanta”**, e España está endebedada. O pago dos intereses da débeda no 2012 é de 28.848 millóns de euros (o gasto en subsidio de desemprego é s 28.805 millóns) e nos orzamentos do 2013 os intereses da débeda ascenden a 38.589 millóns de euros, o 30% máis que no 2012.

Ademais, para que todo estivera ben amarrado, o 30 de agosto do 2012 o PP e o PSOE pactan a reforma (expres, pola porta de atrás e sen consulta algunha) da constitución, pasando a poñer no seu artigo 135.3 que “os créditos para satisfacer os intereses e o capital da **débeda pública** das Administracións entenderanse sempre incluídos no estado de gastos dos presupostos e o seu pago gozará de **prioridade absoluta**.”


Pero hai que dicir tres cousas:

1ª **É moita a débeda pública?** como vemos no gráfico, no conxunto da débeda, a maior parte corresponde aos bancos. A pública é so un 16%, que comparativamente é bastante menor que a de potencias europeas .

2ª **A banca aprópiase dos cartos públicos e os converte en privados.** Iso de dúas maneiras:

Unha: mediante as axudas á banca con diñeiro noso, da xente, dos contribuíntes, supuxo un desembolso das arcas públicas de 150 mil millóns de euros.

Dúas: ademais, como o Banco Central Europeo (BCE), un dos tres pes que constitúe a tristemente famosa “troika”, (os outros dous son o Fondo Monetario Internacional e a Comisión e o Consello europeo) non presta cartos aos gobernos, estes teñen que pedirlos á banca privada, ou sacar á venda nos mercados financeiros os títulos de débeda pública: os bonos do estado. Agora ben, créase así un negocio perfecto para os “donos do capital” xa que a banca privada pide prestado ao BCE cartos que son PÚBLICOS pagando por eles un xuro ao redor do 0,75 % que logo prestan ao estado uns tipos de xuro que veñen determinados polo propio mercado, ou polas axencias de



cualificación e polas condicións sociais de “axuste” (léase “recorte”) impostas. No caso de España o xuro está en torno ao 7%, cuxos intereses, díxenos, temos que pagar.

E como pagamos? Recortando, destruíndo o público, empobrecendo cada vez máis á poboación. Porque unha boa parte do que tributamos vaixe en pagar os **intereses**, nen siquiera o capital do que se debe (realmente o capital é imposible de pagar)

3ª **diminución dos ingresos**. Tódalas persoas sabemos como aforrar: ou ben reducímolos gastos. ou ben aumentámolos ingresos O mesmo pasa co Estado.

No primeiro entra todo o que xa sabemos, o que estamos a padecer e imos concretar algo mais a continuación: recortes... é o máis fácil, porque a parte que a padece é a máis débil.

Pero é que o segundo saco non se quere poñer a funcionar; ao contrario: nos últimos tempos se teñen producido reducións progresivas no imposto de sociedades a grandes empresas (en plena crise se lles rebaixou do 35% a 30%; e as empresas que cotizan no ibex tributan unha media do 18%) por non falar das sica, da evasión de capitais dos 25.000 millóns en que se calcula o fraude fiscal, etc.

MENTIRAS SOBRE LA DEUDA

1. ¿QUIÉN HA VIVIDO POR ENCIMA DE SUS POSIBILIDADES?

ENDEUDAMIENTO FAMILIAR . 2008 comienzo de la crisis




10% MÁS RICO
de las familias tenían deudas
EN EL 64,7% DE LOS CASOS

20% MÁS POBRE
de las familias tenían deudas
EN EL 16,5% DE LOS CASOS

16,5%

EL 40% MÁS POBRE DE
LAS FAMILIAS DESTINA
SUS DEUDAS A...

HIPOTECA DE 1ª VIVIENDA



Datos: Banco de España y FMI
Edición: Attac-Pais Valenciá
Maquetación: AsamblealLogroño.com



LA MAYORÍA MÁS ADINERADA
COMPRÓ 2ª Y 3ª VIVIENDAS CON
EL ÚNICO PROPOSITO DE
ESPECULAR, CONTRIBUYENDO
ASÍ AL ALZA DE LOS PRECIOS Y A
LA FORMACIÓN DE LA BURBUJA
INMOBILIARIA

Conclusión. Reflexionemos. Tratemos de facer labor de prevención, de crítica, de selección e de desintoxicación da potente maquinaria propagandística que nos da como obvio, e incluso correcto eticamente, esta situación e continuamente nos golpea: “non queda outro remedio, as débedas hai que pagalas”.

Pois ben, hai que pagar as débedas lexítimas. Pero ¿e as ilexítimas? A parte ilexítima da débeda debe ser repudiada. E consideramos que existen **claros indicios de ilexitimidade** no proceso de endebedamento:

- En dereito internacional unha débeda é ilexítima se procede de préstamos que, pola forma en que foron concedidos, ou naquilo que, directa ou indirectamente financian, atentan contra a dignidade da vida da cidadanía e poñen en perigo a convivencia pacífica entre os pobos.
- É ilexítima a débeda que se deriva de acordos financeiros que violan os dereitos humanos o que foron negociadas de costas á cidadanía.
- Pode considerarse ilexítima a axuda aos bancos se non compre aquilo para o que se concederon: o diñeiro do rescate ten sido empregado non para financiar proxectos económicos da poboación, senón para que o sector financeiro se desfixera dos seus activos tóxicos, para pagar parte das súas débedas e para que se reestruturase obtendo grandes beneficios. É ilexítimo que a débeda se acumule para salvar a unha minoría (sector financeiro), que os bancos se enriquezan coa usura da débeda utilizando cartos públicos.
- É ilexítimo que se poña o pago da débeda por diante do benestar e supervivencia da cidadanía.
- É ilexítimo que por facer fonte a unha débeda que non temos adquirido e da que non nos temos beneficiado, se xere unha débeda social e mesmo ecolóxica.

Nós participamos da opinión que é preciso facer presión para que se faga unha auditoría popular da débeda, e para desenmascarar o interesado engano que leva aparellada a situación de debedocracia que nos está a dominar.

As Comunidades que formamos a Coordinadora de Crentes sentimos que temos que rebelarnos contra esta forma de xestionar a economía, a crise, que non ten para nada en conta ás persoas en canto persoas. Non é unha economía en función das persoas; senón so en función do lucro duns poucos, con moito poder e capacidade de engano. Iso nos ten levado no últimos meses a unas condicións que, aínda que sexan coñecidas queremos recordar:

CONDICIÓNS DE VIDA DAS MAIORÍAS

CONDICIONS LABORAIS

Reformas Laborais. As sucesivas reformas laborais que vimos sufrindo @s traballadores, so teñen servido para privarnos dos dereitos laborais que fomos conquistando durante anos: contrato fixo, xornada de oito horas, antigüidade, negociación colectiva, incremento salarial, ascenso escalonado de categoría profesional, etc.

As reformas laborais, que en xeral tiñan como obxectivo a creación de postos de traballo, o único que teñen feito é incrementar o desemprego e facilitar a flexibilidade laboral facilitando ás empresas as regulacións de plantillas e o despido libre.

Incremento do paro e a exclusión social. A diario nos podemos atopar nos medios de comunicación con noticias de empresas que pechan, regulan e despiden a centos e miles de traballador@s, que día a día incrementan o número de parados, alcanzando a alarmante cifra de case seis millóns de desempregados en España, e un 25% en Galicia. Esta situación leva aparelhada quedar sen emprego, en moitos dos casos aínda se agrava porque supón unha exclusión social, ao quedar miles de familias sen fonte de ingresos para manter a familia, para pagar a vivenda, e darlle unha educación a os fill@s.

CONDICIÓNS SOCIAIS

Privatización do público: educación, sanidade, etc. A maioría das persoas, sobre todo as máis débiles, estamos a sufrir a perda dunhas condicións sociais e dun benestar social gañado a base de loitas e reivindicación que nalgúns casos chegaron a morte. Co pretexto da crise os gobernos están privatizando todo o público, a educación a sanidade, o transporte, etc. Están conxelando os salarios, subindo os impostos, recortando dereitos sociais que levan a moitas familias a situarse no umbral da pobreza.

Desafiuamentos, Preferentes - Moitas persoas por riba de sufrir as duras condicións laborais están tamén a padecer é sufrir o roubo dos bancos e caixas como consecuencia de ter invertido os poucos aforros que tiñan en inversións que agora cando necesitan os cartos non poden recuperar, como é o caso das preferentes. Así mesmo moitas persoas que fai uns anos cando tiñan traballo se decidiron a mercar unha vivenda para o cal tiveron que pedir unha hipoteca, agora por quedar sen traballo se atopan que non poden facer fronte a dita hipoteca e sofren o son desaloxados das súas vivendas, perdendo o pouco que lles quedaba. E o peor é que os gobernos sabedores desta grave situación para miles de familias non fan nada para cambiar as leis inxustas que fan legais estes roubos.

Marxinación dos inmigrantes. Por outra banda os inmigrantes que se atopan sufrindo en moitos dos casos a situación de ilegalidade por non ter papeis, por ter saído do

seu país coa intención de atopar unha vida mellor, ademais de non topar traballo agora tampouco teñen dereito a unha sanidade pública, outro dereito fundamental de calquera persoa que é pisoteado polos gobernos que unha vez máis son insensibles a dor das persoas.

A xustiza. Fai pouco menos dun mes entrou en vigor o decreto de Gallardón que fixa taxas considerables para exercer o dereito, (que tiña que ser universal e gratuíto, a xustiza pagámola cos nosos impostos) de demandas e recursos na xustiza. Como está a pasar acotío, son as persoas máis débiles as que padecen os efectos desta taxas: moitas non poden reclamar, no porque non teñan dereito, senón por que non poden. Unha vez máis se nos di que é para “desatascar a xustiza”; claro: senón se utiliza, hai menos usuarios, o mesmo que cando se está a excluír a moitos colectivos da a utilización da sanidade pública.

CONDICIONS CULTURAIAS

Recortes en subvencións. A Cultura é piar fundamental no desenvolvemento das persoas e dos pobos. Por riba de ser manipulada polos gobernos para que sexa unha cultura alienante e elitista, que estea o seu servizo, agora, co pretexto da crise, tamén recorta as axudas a esa cultura popular, esa cultura de base que fai posible que o teatro, o baile, a música a pintura, etc. chegue os barrios obreiros, os barrios marxidados. E non so recortan as axudas á cultura popular senón que incrementa o imposto polo consumo de dita cultura, pasando dun 18% a un 21% o IVE, como se fose un artigo de luxo.

CONDICIÓNS POLITICAS

Recorte de dereitos e liberdades. Dende os partidos maioritarios estanse consensuando unhas leis que recortan dereitos e liberdades fundamentais, como son o aceso a unha educación pública, o aceso a universidade, o aceso a sanidade pública, o aceso a un transporte público. Estase primando e potenciando a privatización do público, estanse recortando dereitos e liberdades de expresión, nos medios de comunicación, dereitos e liberdades de mobilización a nivel social e sindical, estanse recortando o dereito e a liberdade a defenderse, cando se recorta o presuposto dos xulgados e se lle pon un custo económico os avogados de oficio.

POSTURA DA IGREXA XERARQUICA

Falta de denuncia profética. Diante desta inxusta situación que temos exposto a postura da Igrexa Xerárquica, non é unha postura de denuncia profética valente e radical se non máis ben unha postura tibia, en moitos casos de xustificación tanto dos poderes económicos como políticos. Os cristiáns e as cristiás de base botamos en falta un comunicado, unha carta pastoral dos bispos, da Conferencia Episcopal, nunha

palabra. Botamos en falta unha palabra clara na que se denuncie aos responsables máximos desta situación da crise, ás súas causas e os seu enganos, así como aos métodos do capitalismo financeiro e ás grandes empresas sen escrúpulos, aos Bancos con afán de enriquecerse cos bens dos máis pobres e os políticos corruptos. O que sí vemos son declaracións, e manifestacións do presidente da Conferencia Episcopal e do portavoz denunciando o aborto e a lei de igualdade para os homosexuais, e apoiando o actual sistema neoliberal.

Xesús danos unha testemuña de vida alternativa de Amor e de Paz que so se pode conquistar transformando as estruturas e valores que negan e impiden o crecemento das persoas.

CONCLUSIÓN

Non é posible a PAZ SOCIAL, cando miles de persoas viven e sofren a pobreza, a exclusión e a marxinación, cando miles de persoas son privadas do seu traballo e condenadas o paro, o desemprego, cando miles de persoas son expropiadas da súa vivenda e dos seus medios para subsistir, cando miles de persoas viven no umbral da pobreza sen dereito a educación, a cultura, a sanidade en definitiva a unha vida digna. Non é posible a PAZ cando miles de inmigrantes morren no camiño da búsqueda dunha vida digna ou son privados dos seus máis elementais dereitos como persoas.

A PAZ que anuncia Xesús non se constrúe eludindo os conflitos vixentes, se non facéndolle fronte co ánimo de superalos. Por iso como Xesús as comunidades cristiáns temos que facer unha denuncia radical das practicas da ideoloxía dominante sobre as que se apoian graves inxustizas, é dicir da violencia institucionalizada.

A PAZ, finalmente temos que construíla todos/as e cada un de nós sobre:

- O DIÁLOGO, sen condicións previas, entre as persoas e as organización sociais e que teña como finalidade a consecución do ben común.
- A superación do MEDO, que condiciona ou anula o lexitimo dereito e deber da defensa dos intereses das persoas e os colectivos sociais.
- A ESPERANZA e o EMPEÑO Irrenunciable de poñer a **PERSOA no centro dos intereses do desenvolvemento económico** considerando, “este desenvolvemento económico como unha ocasión de crecemento da humanidade en xustiza e unidade”. (Sínodo outubro, 2012)